

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DUN TÉCNICO EN TURISMO, FUNCIONARIO INTERINO, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO NA OFICINA DE TURISMO, CON CARGO Á SUBVENCIÓN OUTORGADA SEGUNDO A RESOLUCIÓN DE 02 DE AGOSTO DE 2021 DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.

1.-OBXETO DA NOMEAMENTO

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder ao nomeamento de un traballador/a para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal na oficina de turismo.

O nomeamento é con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 02 de agosto de 2021 da Axencia de turismo de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o concello de Viveiro, ata o 30 de setembro de 2021.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de un traballador/a, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal para a execución e realización das obras e de prestación de servizos que se relacionan nos apartados seguintes:

2.- CARACTERÍSTICAS DO NOMEAMENTO.

A.- UN TÉCNICO EN TURISMO NA OFICINA DE TURISMO.

O técnico en turismo desempeñará o seu posto de traballo na oficina de turismo de Viveiro segundo as estipulacións que estableza o xefe de negociado realizando entre outras as funcións de atención ao público, información, elaboración de guías e memorias.

B.- REQUISITO DO SOLICITANTE:

Titulación: técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado ou ben contar coa habilitación de guía de turismo, ou certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante (hoti0108).

Como medida de fomento de emprego o persoal que se contrate deberá figurar como desempregado ou demandante dunha mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no do nomeamento.

Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 4.

Ademais deberá cumprirse os establecidos con carácter xeral nas Bases Xerais.

C.- BAREMO CONCURSO:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 13 puntos, segundo o establecido na base 10 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro na oficina de turismo.

D.- A TOMA DE POSESIÓN:

Iniciarase cando así o determine A Alcaldía, en base a os prazos e datas de inicio dos





Concello de Viveiro

servizos nos que o funcionario interino prestará os seus servizos.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente a marxe)



Cod. Validación: AMHRJCRGYJQDZE37WXYP46XSG | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2